



xoves 04 . 20h30 e 22h30. **MAN ON WIRE**
 xoves 11 . 20h30 e 22h30. **ASFIXIA**
 xoves 18 . 20h30 e 22h30. **CORAZONES REBELDES**
 xoves 25 . 20h30 e 22h30. **EL NIÑO PEZ**



xuño 2009

www.concellodobarco.org



Compañía do Trinke Trinke
Os soños na gaiola

venres 5 xuño. 20h

Autor: David Pernas. Dirección: David Pernas
 Elenco: David Pernas e Vanessa Rivas
 Público: Infantil, a partir de 4 anos. Duración: 50 min.

Esta obra é unha homenaxe ao poeta Manuel María e nela danse a coñecer parte dos poemas do seu libro *Os soños na gaiola*. A obra preséntalles aos nenos os poemas a través da música e o xogo. Nun piso dunha cidade, sentado nun sofá, dorme un velliño que ata hai pouco vivía na súa aldea. Para que non estivese só, a súa filla tróuxoo a vivir con ela. Un día, por sorpresa, recibe a visita da súa neta (xa moza). Os dous van lembrar a pasada vida na aldea.

A Compañía do Trinke Trinke de teatro para nenos (1995) contempla o teatro como unha ferramenta ao servizo da educación. As obras *A Princesa e a Pardela* (1999), *Roque e os Pitiflautas* (1997) e *O Gatipetro* (1998) naceron en colaboración coa Orquesta Sinfónica de Galicia para promocionar a música clásica entre os nenos.

Trinke Trinke leva a cabo ou colabora en programas de animación á lectura mediante o teatro nas bibliotecas. Os seus personaxes "os ratos da biblioteca" son coñecidos por toda Galicia.



<<< música en espazos de interese cultural

Espazos
sonoros

Casa Riocigüeño
 Centro Comarcal de Valdeorras
 Rúa Veiguiña, 5
 O Barco

Espazos Sonoros é un programa de música que sintetiza a posta en valor do patrimonio histórico e do potencial artístico e creador do país mediante a programación de concertos en espazos de interese cultural, que xa se impuxo, na súa primeira edición en 2008, coma un proxecto de forte personalidade dentro do conxunto dos festivais de música.

Os dous concertos que se celebrarán no Barco terán lugar na **Casa de Riocigüeño**, unha antiga casa de labranza de dous andares, levantada no século XVII, e que ten unha intensa relación coa historia de Valdeorras.



Los cuatro elementos...
Música popular de América e España
 xoves 18 xuño. 20h30. Casa Riocigüeño

Esteban Fragas, Marcos Rivera, Bruno Bonamis, Iago Reigosa

Prepárense para unha visita guiada pola música popular do século XX de España e América. Piazzolla, Celso Machado, Moreno Torroba, Leo Brouwer, Jacob Gershovitz e Paulo Bellinati son os autores escollidos para presentar unha variada perspectiva musical, desde a formación clásica máis arraigada no século XIX español ata as tendencias máis contemporáneas de finais do século XX, pasando polo jazz ou a música cinematográfica. Trátase, en suma, dun paseo pola marxe máis académica da música popular ou, visto doutra maneira, pola máis popular da música académica.

Los Cuatro Elementos é un cuarteto de guitarras formado por catro músicos vinculados ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, que toma o seu nome da obra homónima escrita para esta formación polo compositor francés Francis Kleinjans.



Ensemble Iulius XIII
Ástor Piazzola e Nino Rota: dúas estrelas da música do século XX

venres 26 xuño. 20h30. Casa Riocigüeño

Jorge Montes Martínez_violín
 Carlos García Amigo_violonchelo (artista convidado)
 Alfredo Gómez Sieiro_clarinete
 Liudmila Shevyakova_piano

O Ensemble IULIUS XIII propónse, a través deste interesante programa, rescatar e achegar o gran público á moi interesante, e xeralmente pouco coñecida, faceta intelectual destes dous grandes e fundamentais artistas, Nino Rota e Ástor Piazzolla, cun obxectivo ben concreto: poder apreciar a luz do seu valor en todo o seu esplendor. Certamente, nos tempos que corren, á arte tamén lle custa escapar da imperante, e en ocasións angustiada, moda de encadrar.

Ástor Piazzolla pasou a ser sinónimo de "tango", e, Nino Rota, de "música para cinema", o que converte moitas veces nunha tarefa difícil poder entender o verdadeiro e profundo talento musical destas dúas estrelas da música contemporánea.